

# O MAGOSTO

Este ano celebramos o magosto, o luns 9 de Novembro, no patio do colexio.


O timbre que indica que é hora de comer sou e todos saímos ao patio. Alí atopábanos co lume prendido e coa comida lista para que Marcial a puxese na grella.



Tivemos que agardar a que as brasas estiveran listas para facer a costela e os chourizos. Mentras tanto colocamos varios bancos para poder sentar, xogamos un pouco e escoitamos a música que estaba a soar.

Despois de repartir o pan e os vasos de plástico, nenos e profesores achegámonos a coller a comida e bebida coa que íamos xantar. De postre tivemos donuts e tamén castañas.

Os nenos e nenas de 6º amenizáronnos a xornada tocando as panderetas e cantando unha canción da nosa terra.



Rematamos o día dando exemplo do ben que coidamos a natureza, ¡todo recollido e ben limpo!, movendo o esqueleto ao son da música, cantando a letra dalgunha canción e correndo para chinarlle a cara a calquera que atopáramos polo camiño.

¡Pasámolo moi ben!